



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

## **BASES DO VIII CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO.**

### **PRIMEIRA. –**

O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical, polifónica e coral, organiza o **VIII Certame de corais “Vila de Arbo”** que terá lugar o día **6 de maio de 2023** en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

### **SEGUNDA.-**

Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música. As actuacións non deben ter ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). Si se incumprise este requisito o grupo quedaría excluído do concurso.

### **TERCEIRA.-**

Participarán un máximo de **seis agrupacións corais no certame**. As corais participantes serán seleccionadas polo Comité de Organización do VIII Certame Galego de Corais Vila de Arbo. Nos criterios de selección serán avaliados o historial da Coral e a calidade musical das súas interpretacións.

Para realizar a selección as Corais deberán entregar no prazo previsto un Currículo Vitae que inclúa a súa actividade de polo menos os últimos 3 anos, unha declaración xurada conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de música e unha gravación propia realizada nos últimos 2 anos que inclúa polo menos 3 pezas do seu repertorio.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

#### **CUARTA.-**

As corais seleccionadas actuarán segundo a orde fixada por rexistro de entrada da inscrición.

#### **QUINTA.-**

Cada coral interpretará unha obra de presentación fora de concurso. Unha obra de Concurso obrigada que podería ser de autor galego ou en idioma galego, proposta polo comité organizador e unha obra de libre elección en calquera idioma.

O tempo total non excederá de 25 minutos de actuación total inclusive coa obra de presentación.

Ningunha das pezas pode ser acompañada por un instrumento musical.

#### **SEXTA.-**


O xurado estará composto por personalidades do mundo da música que será designado pola alcaldía.

Haberá tamén un presidente do Xurado que será o Sr. Alcalde de Arbo ou concelleiro en quen delegue con voz pero sen voto.

De entre as corais presentadas, o xurado avaliará os seguintes puntos: Afinación, técnica, interpretación e sonoridade e saíran ás **seis agrupacións corais** que participarán no certame.

**Valorarase na obra obrigatoria un ton baixo en Do menor.**

#### **SÉTIMA.-**





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Concederáse un primeiro, un segundo e un terceiro premio as corais que acaden maior puntuación. Tamén se adxudicará un premio especial á mellor interpretación da obra obrigatoria.

#### **OITAVA.-**

**O prazo de inscrición rematará o 03 de marzo ás 15.00 h.** Para inscribirse as agrupacións interesadas enviarán a instancia en modelo que figura en Anexo a estas bases solicitando a súa inclusión no Certame e a documentación sinalada na Cláusula Terceira.

#### **NOVENA.-**


Durante o período de inscrición estará no concello de Arbo a dispor das agrupacións a obra obrigatoria, para as corais que a soliciten poder enviarlla o seu enderezo.

**DÉCIMA.-** A obra obrigatoria nesta edición do concurso e a seguinte; **“BAMBOLIÑA (a rapaza que no paraba quieta)”** en memoria de **Antonio Paz Valverde**, unha gran insignia artística que puxo selo á cultura e a música Coral polifónica.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.-**

O fallo do xurado emitirase ao final da actuación das corais participantes sendo así os seguintes premios:

- 1º PREMIO SEGUNDO GIL DAVILA.....900 euros máis diploma acreditativo.**
- 2º PREMIO ..... 400 euros máis diploma acreditativo.**
- 3º PREMIO.....200 euros máis diploma acreditativo.**





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

**PREMIO FECOGA A MELLOR INTERPRETACION DA OBRA DE CONCURSO: 500 euros máis diploma acreditativo.**

**Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio.**

O importe do 1, 2º e 3º premio será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria 330.48 dos orzamentos prorrogados cara o exercicio 2023, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamentos do exercicio 2023.


Ditos premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O importe líquido dos premios farase efectivo mediante transferencia bancaria á conta facilitada polos premiados que deberán ser os titulares da mesma.

O PREMIO FECOGA A MELLORA INTERPRETACIÓN DA OBRA DE CONCURSO por importe de 500,00 euros será entregado por un representante de FECOGA á agrupación que resulte mellor valorada polo xurado do Certame, en virtude de comunicado do Presidente de FECOGA de 10.01.2023.

**DÉCIMO SEGUNDA.-**

O comité organizador estará composto por o Alcalde de Arbo ou a persoa en quen delegue; Concelleiro/a de Cultura do Concello de Arbo ou persoa en quen delegue; Presidente/a da Coral Polifónica de Arbo; Director da Banda de Música de Valadares, Director Coral Polifónica de Arbo.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Escollidas as corais que participarán no VIII Certame Galego de Corais Vila de Arbo, as agrupacións terán ata o **3 de marzo ás 15:00 horas**, para remitir, foto actualizada e 1 exemplar da partitura da obra de presentación e de libre elección, todo isto dirixido ao servizo de cultura do concello de Arbo en soporte informático.

**Persoa de contacto Cecilia García González. Teléfono: 986 66 57 78 e E-mail: [museoarabo@concellodearbo.gal](mailto:museoarabo@concellodearbo.gal)**

#### **DÉCIMO TERCEIRA.-**

O comité organizador gardase o dereito a sancionar as agrupacións se mostran algún tipo de mal comportamento que prexudique o desenrolo do certame , poñéndoo en coñecemento do xurado a hora da deliberación.


#### **DÉCIMO CUARTA.-**

O Comité organizador está habilitado para a interpretación destas normas e resolver calquera dúbida que se presente. A participación neste Certame supón a aceptación íntegra do contido destas bases.

#### **DECIMO QUINTA.-**

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, na páxina web da festa da lamprea [www.festadalamprea.gal](http://www.festadalamprea.gal) e nas redes sociais da festa da lamprea.

#### **DÉCIMO SEXTA.- Normas en materia de Protección de datos**





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (certame) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo [https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id\\_seccion=572](https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572).





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

### **NORMAS FINAIS:**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.


O Alcalde. Horacio Gil Expósito. *Documento asinado dixitalmente á marxe.*

### **ANEXO:**

#### **SOLICITUDE DE INSCRICION VIII CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO:**

**NOME DO GRUPO CORAL:**\_\_\_\_\_.

**NUMERO COMPOÑENTES:**\_\_\_\_\_.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

**OBRA DE PRESENTACION:**

.-

\_\_\_\_\_AUTOR\_\_\_\_\_DURACIO

N:\_\_\_\_\_.

**OBRA DE LIBRE ELECCION:**

.-

\_\_\_\_\_AUTOR:\_\_\_\_\_DURACION:

\_\_\_\_\_.

**ENDEREZO:**\_\_\_\_\_.

**PERSOA DE CONTACTO:**\_\_\_\_\_.

**TELEFONO:**\_\_\_\_\_.

**CORREO ELECTRONICO:**\_\_\_\_\_.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do  
2023\_\_.

**Selo e firma**

**PROTECCIÓN DE DATOS**

Responsable do tratamento: Concello de Arbo

Finalidades do tratamento: Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Destinatarios dos datos: As Administracións públicas no exercicio das súas propias competencias

Exercicio de dereitos: As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en:

[https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id\\_seccion=573](https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573)

Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos:  
[https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id\\_seccion=572](https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572)

**Sr. Alcalde do Concello de Arbo**





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

NOTA: INTERPRETAR UN TONO BAJO.  
ACORDO ADOPTADO POLO COMITÉ ORGANIZADOR  
DO CERTAME

## BAMBOLINA

(a rapaza que non paraba quieta)

(xoguete musical)

Letra e música: A. Paz Valverde

1

*ALLEGRETTO ritmico* *f* TUTTI *mf*

soprano (Unha persoa do coro da 3 palmadas, ao ritmo exacto, e anuncia:) De-se-gui-do...  
contralto  
tenor  
baxo

BAM - BO - LI - ÑA! BAM - BO - LI - ÑA VAI, BAM - BO - LI - ÑA VEN - CO - RREN - DO, BU - LIN - DO, CO - RREN - DO, BU

*mf* *f*

- LIN - DO; BAM - BO - LI - ÑA VAI, BAM - BO - LI - ÑA VEN, CAN - TAN - DO, SO - RRIN - DO, CAN - TAN - DO, SO - RRIN - DO. AN - DA DE - A - CÁ PA - RAA - LÁ.

- LIN - DO; BAM - BO - LI - ÑA VAI, BAM - BO - LI - ÑA VEN CAN - TAN - DO, SO - RRIN - DO, CAN - TAN - DO, SO - RRIN - DO. UY! AN - DA DE - A - CÁ PA - RAA -

*f* *mf* *mf*

TA - MÊN DE - A - CÁ PA - RAA - CÁ. E - LA NON PA - RA DE - A - DAR, DE SU - BIR, DE BAI - XAR, DE SO - RRIR, DE CAN - TAR. BAM - BO - LI - ÑA

LÁ, TA - MÊN DE - A - CÁ PA - RAA - CÁ. DE SU - BIR, DE BAI - XAR, DE SO - RRIR, DE CAN - TAR. BAM - BO - LI - ÑA

*mf*

VAI, BAM - BO - LI - ÑA VEN, CO - RREN - DO, BU - LIN - DO, CO - RREN - DO, BU - LIN - DO; BAM - BO - LI - ÑA VAI, BAM - BO - LI - ÑA VEN, CAN - TAN - DO, SO - RRIN - DO, CAN - TAN - DO, SO -



Cod. Validación: 76CGPQKWEH7TTT2D2T46AREXN | Corrección: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 10 a 14



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

2

RRIN - DO. EN - TRAE SA - E DA CA - SA VIN - TE MIL VE - CES SEN RE - POU - SAR, E - LA NON PA - RA QUIE - TA VOL - TA PAA -

- RRIN - DO. UY! VAI E VEN, VEN E VAI, VAI E VEN, VEN E VAI VOL - TA PAA

DIAN - TE, VOL - TA PAA - TRÁS, VEN, VAI. XO - GA CON SEU CAN - CI - RO, CO - LLEO VIO LÍN E ROM - PEA TO - CAN, CON - TA CON - TOS AOS

DIAN - TE, VOL - TA PAA - TRÁS, VEN, VAI. VAI E VEN, VEN E VAI, VAI E VEN, VEN E VAI

HE - NOS, CAN - TA LLEA LÚ - A, SO - ÑA CO MAR, VEN, VAI. UY! VAI E VEN,

CAN - TA LLEA LÚ - A, SO - ÑA CO MAR, VEN, VAI. BAM - BO - LI - ÑA CO - AREN - DO VAI - COS - TI - ÑAA - RRI - BA; BAM - BO -

E VEN E VAI VAI E VEN,

LI - ÑA VO - AN - DO VEN - SIE PRA BAI - XAR; BAM - BO - LI - ÑA CAN - TAN - DO VAI - PO - LA TAR - DI - ÑA, BAM - BO -

VEN E VEN E VAI; BAM - BO - LI - ÑA VAI PA - RAA - LÁ, BAM - BO - LI - ÑA VEN PA - RAA - CÁ, BAM - BO -

LI - ÑA SO - RRIN - DO VEN - AO CLA - RE - XAR VEN, VAI, VEN, VAI,









Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

